



A COSTA DE TIRÁN (MOAÑA)

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 2,3 km (lineal)

Dificultade: baixa, a non ser nas zonas de rochas



Peirao do Con



Formacións rochosas da costa da punta do Niño do Corvo

Un pequeno tramo da costa de Tirán, no concello de Moaña, pero de enorme interese paisaxístico e xeolóxico no que se suceden praias de acceso pouco doado e cantís de pouca altura. Na parte entre a punta do Niño do Corvo e a praia do Canabal, uns 500 m atópanse un conxunto de rochas que chaman a atención.

Estas rochas son parte do que se chama un “corredor de enclaves”, fragmentos de rochas contidos ou encaixados noutra. Este fenómeno de mestura orixínase no interior da codia

terrestre cando entran en contacto

dous magmas de composición diferente

antes do seu arrefriamento definitivo:

neste caso o magma básico que da

lugar ás rochas de cor máis escura

(gabros, cuarzdioritas e tonalitas)

introduciuse no magma ácido que

orixina rochas máis claras (granitos).

Estas rochas de tipo plutónico son

coñecidas como **vaugneritas**. Forman

parte dunha banda de granodioritas

que se estende de norte a sur polo

occidente de Galiza

Nestas rochas podemos observar

diferentes fenómenos erosivos: por

descompresión, que da lugar á erosión

por capas concéntricas (como de

cebola); diferencial, pola diferente

resistencia dos materiais, e polo efecto

mecánico do mar.





PERCORRIDO

Saíndo do **peirao do Con** pola estrada que pasa por enriba da praia e seguindo sempre o camiño máis achegado á costa imos dar á **praia do Río da Ribeira**, e desde ela por un camiño acondicionado chegamos logo á **igreja de Tirán**, románica que conserva unha cruz no piñón e canzorros moi comestos polo tempo. A rentes do adro da igrexa hai un carreiro preparado que nos leva por enriba da **praia da Pociña** á **punta da Mona** e á baixada á praia que logo enlaza coa **Praia da Videira** e o **Areal do Porto** para chegar ao **peirao da punta do Crego** e á **praia do Niño do Corvo**. De aquí en diante xa non hai roteiro acondicionado e temos que seguir polas pedras. Pasamos a **punta do Niño do Corvo**, atopamos a **Ribeiriña Pequena** e despois un tramo de rochedo no que se atopan as principais estruturas de interese, dobramos outro saínte rochoso para desembocar na **praia da Regueira** no medio da que, caendo nun pequeno desnivel, desemboca o regato que lle da nome. Despois de cruzala, subindo as rochas que a limitan, entramos na **praia do Canabal**, onde remata o litoral do concello e o noso roteiro.

Nos chegamos percorrendo a costa entre o peirao do Con e a praia do Canabal, pero para quen queira achegarse somentes a ver as rochas pode facelo desde a punta do Crego pola praia do Niño do Corvo ou desde as praias do Canabal ou da Regueira, recordando sempre que ten que ser coa marea baixa.

Para chegar á punta do Crego vindo desde Moaña, hai que coller un desvío á esquerda xusto antes de chegar a o centro comercial que se atopa á esquerda da estrada (aínda que o mellor é seguir ata a rotonda que se atopa uns 800 m máis adiante, dar a volta nela e volver para atopar os desvíos á dereita) e baixar por el case ata o fondo onde collemos un desvío á dereita que nos leva a un alargo ao pé do peirao da punta do Crego e desde alí á esquerda pola praia do niño do Corvo e logo polas rochas.

Praia do Con



A Pedra do Linguado



8-Punta do Corveiro e Laxes de Masandía



Areal do Río da Ribeira



Igrexa de Tirán



Praia da Pociña



Punta e praia da Mona



Praia de Tirán ou da Videira



Ribeira do Porto do Crego



Punta do Crego



5-Punta do Crego



Praia Niño do Corvo



Praia da Ribeiriña Pequena e punta Niño do Corvo



Punta Niño do Corvo



3-Monte da Costa. Un tramo de litoral da parroquia de Tirán no que aparece un conxunto de formacións rochosas de enorme interese (vaugneritas).



2-Praia da Regueira



1-Praia do Canabal, a Barronca de Cangas e a Punta de Costa.